

Que me esqueza de ti.

Podo supoñer que non existen
nin as sociedades marxinais,
nin exquisitas,
que me aflixen.

Podo tratar de esquivar a dor,
a angustia, a psicose,
o vento frío do norte,
o mar azoutando os meus ollos mollados,
os lagos dos cisnes,
que tocan os pianos
dos teus ollos,
as anduriñas fuxindo,
a loucura nas esquinas,
a morte,
e case tamén,
a vida.

E a frustración.
E o corazón sangrando
a cada paso que dou.

Podo ignorar os amagos
de asco da xente que me ve morrer,
ao escribir

ao vivir.

Podo fuxir a Madrid cando a alma

Desemboque en pranto

Pero, dime,

¿Cómo pretendes,

Que me esqueza de ti?

*Iria Tarrío Pazos 4º D – ESO
IES A Xunqueira II*